



BOP

MÉRCORES, 11 DE XANEIRO DE 2023

N.º 008

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

RRHH-SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2022 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE TERAPEUTA OCUPACIONAL, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2022 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

*Visto que foi caducada por decreto da Presidencia de data vinte e un de decembro de dous mil vinte e dous (21/12/2022) a listaxe de emprego temporal de Terapeuta Ocupacional, polo que neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade cree unha nova listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.catro da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

*1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de **Terapeuta Ocupacional**, grupo A - subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.*

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego sinalado no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE TERAPEUTA OCUPACIONAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
TERAPEUTA OCUPACIONAL	A	A2	Centros de Atención aos maiores da Provincia de Lugo así como as distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Grado ou Diplomatura universitaria en Terapia Ocupacional

5. DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS.

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
3. As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas.
4. Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.
5. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
6. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

7. O Modelo de atención centrada na persoa na atención e coidados sociosanitarios. O rol do profesional de terapia ocupacional neste modelo.
8. Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia. Dereitos sanitarios relacionados coa: integridade e intimidade da persoa; co acompañamento do/a paciente; coa autonomía de decisión; confidencialidade e información; coa documentación sanitaria. Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia.

9. Autonomía da persoa e dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica. Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica: o dereito de información sanitaria; o dereito á intimidade; o respecto da autonomía do/a paciente; a historia clínica. O consentimento informado.
10. Definicións de terapia ocupacional segundo a Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WOFT), o Comité europeo de Terapia Ocupacional (COTEC) e a Organización Mundial da Saúde (OMS). Código de ética de terapia ocupacional.
11. Historia da terapia ocupacional: orixes, promotores, principios e feitos históricos. Terapia ocupacional en España, orixes e desenvolvemento. Institucións e desenvolvemento profesional. Competencias da terapia ocupacional.
12. Regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores: requisitos mínimos de persoal e condicións técnicas. RUEPSS, rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, etc.
13. A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. O Plan de atención individual nos centros de atención ás persoas maiores. A folla de ruta persoal.
14. Análise da actividade. Aplicación da actividade con fins terapéuticos. Actividades da vida diaria. Definición e clasificación. A súa relación coa terapia ocupacional: relación terapéutica entre a persoa maior e o profesional da terapia ocupacional. Instrumentos de valoración.
15. Terapia Ocupacional en xerontoloxía e coidados básicos no maior. Valoración xerontolóxica integral (valoración clínica, mental, funcional e social). Planificación e intervención nos diferentes niveis asistenciais en xerontoloxía. Intervención domiciliaria nas síndrome xeriatricas de maior prevalencia. Atención as persoas coidadoras.
16. Os equipos interdisciplinar terapéuticos. Papel do terapeuta ocupacional nas equipas terapéuticas e as achegas á valoración xerontolóxica integral dende a súa disciplina. A relación terapéutica na intervención ocupacional.
17. Avaliacións da función física. Métodos e instrumentos de valoración articular. Arco de movemento articular. Goniómetro. Métodos e instrumentos de valoración muscular. Exame muscular manual. Escalas de cualificación. Métodos e instrumentos de valoración da forza manual e pinza dixital. Dinamómetro. Pinzómetro.
18. Métodos e instrumentos para valoración sensitiva e sensorial. Tacto superficial. Dor. Temperatura. Parestesia. Tacto en movemento. Discriminación de dous puntos estáticos e en movemento. Esterognosia. Propiocepción. Cinestesia. Monofilamentos. Procedementos.
19. Actividades da vida diaria: definición e clasificación. Instrumentos estandarizados para a súa valoración. Avaliación funcional. ABVD, AIVD, AAVD e escalas ou índices habituais de medición.
20. Terapia ocupacional na dor crónica non oncolóxica. Escalas de valoración da dor. Planificación e intervención en pacientes pluripatolóxicos e crónicos. Colaboración nas escolas de pacientes. Abordaxe non farmacolóxica.
21. Terapia ocupacional en coidados paliativos. Equipo de soporte de coidados paliativos. Atención integral non farmacolóxica.
22. Produtos de apoio. Definición. Clasificación. Indicacións en distintas patoloxías.
23. Ortesis. Concepto, funcións e mecanismo de acción. Clasificación internacional segundo a Asociación Mundial da Man. Propiedades dos materiais máis utilizados na súa confección.
24. Valoración, planificación e intervención en procesos reumatolóxicos: Artrite reumatoide: Valoración e intervención. Protección articular. Ergonomía. Exercício e actividade. Ortesis e produtos de apoio. Melloría da capacidade funcional no fogar, o traballo e o lecer. Relaxación, dor e control do estrés.
25. Valoración, planificación e intervención en procesos reumatolóxicos.: Artrose: Valoracións funcionais, do fogar e do traballo. Tratamento: protección articular e conservación da enerxía. Adestramento das AVD e produtos de apoio. Adaptacións do fogar e do traballo. Intervención despois da cirurxía de substitución articular.
26. Valoración, Planificación e intervención da Terapia Ocupacional na enfermidade cardíaca e respiratoria. Función do terapeuta ocupacional. Terapia das limitacións funcionais permanentes. Optimización do funcionamento físico. Técnicas de conservación da enerxía. Prevención de problemas futuros.
27. Prevención e tratamento da inestabilidade e as caídas. Intervención en terapia ocupacional. Medidas de prevención individuais e colectivas. Programas de actividade física nas persoas maiores. Eliminación de barreiras e deseño de espazos terapéuticos.
28. A terapia ocupacional en xerontoloxía. Actividades adecuadas para o fomento da autonomía persoal. O papel do xogo nas actividades de Terapia Ocupacional. A psicomotricidade como actividade da terapia ocupacional. Calidade de vida na vellez. A promoción da autonomía persoal.

29. Intervención non farmacolóxica en terapia ocupacional. Normativa estatal e autonómica sobre suxeicións. Clasificación das suxeicións e medidas a aplicar para eliminalas e procurar estar libre de suxeicións. En caso de ter que aplicalas, procedemento máis axeitado, valoración da medida, e procedemento de seguimento.

30. Novas tecnoloxías na terapia ocupacional. A aplicación práctica coas persoas maiores.

Pazo Provincial, 03 de xaneiro de 2023, o secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0024

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE DECEMBRO DE 2022, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA PROVER UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DESENVOLVEMENTO APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, ENCADRADA NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TÉCNICOS AUXILIARES, GRUPO B, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 30 decembro de 2022, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover unha praza de Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, grupo B, do cadro de persoal funcionario, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2019, cuxa convocatoria e bases específicas fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 116, do 23 de maio de 2022 e as bases xerais no BOP nº 101 do 6.05.2021; Vista a proposta do Tribunal Cualificador; Visto que o aspirante proposto presentou dentro de prazo a documentación a que se refire a base xeral 10.1, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5.1, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedementos selectivo nomeando como funcionario de carreira a:

Don José Manuel Muras Rodrigo, para ocupar a praza número 953, denominada Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, escala administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares, Grupo B, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2019, e o posto de traballo denominado Técnico/a Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas entrada número 1633.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 03 de xaneiro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0025

CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 29 de decembro de 2022, prestou aprobación á derogación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público por Postos, Barracas, Casetas de Venta, Espectáculos e Atraccións situadas en terreos de uso público.

O que se somete ao trámite de información pública, durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Alcalde-Presidente. No caso de presentarse reclamacións someteranse á consideración do Pleno. No caso de non presentarse, entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Friol, 4 de xaneiro de 2023.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0026

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA O REAXUSTE DE ALIÑACIÓN E RASANTE NA AVD. DA CORUÑA NÚMERO 74 E NA RÚA FONTE SAN BLAS NÚMERO 1, SAN XOÁN DE LAGOSTELLE.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria que tivo lugar en data 30 de setembro de 2021, acordou a aprobación definitiva do estudo de detalle para o reaxuste de aliñación e rasante na avenida da Coruña número 74 e na rúa Fonte San Blas número 1, San Xoán de Lagostelle.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (art. 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e art. 201.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia (RLSG)), nun prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se considere máis procedente e sexa conforme a dereito.

De conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, unha vez aprobado definitivamente o instrumento de planeamento urbanístico, procedeuse a súa publicación no Diario Oficial de Galicia número 15 de 24 de xaneiro de 2022.

En data 30 de decembro de 2022 foi realizada a inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De seguido, en cumprimento do previsto no art. 82.3 da LSG e art. 199 do RLSG, publícase o documento do estudo de detalle que contén a normativa e as ordenanzas.

En todo caso, a eficacia do acordo de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle, conforme ao estipulado no art. 82.4 da LSG, quedan condicionadas á súa publicación, á inscrición no Rexistro de Planeamento de Galicia (art. 88 da LSG), e ao transcurso do prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por remisión do art. 70 da mesma norma.

1.1- NORMATIVA E LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN.

De ámbito municipal: Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 1 de xuño de 2020.

De ámbito autonómico: A lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, e o Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 143/2016 de 22 de setembro.

Plan Básico Autonómico, DOGA 27/8/2018

En base ao PXOM, establécese unha nova aliñación na rúa Fonte San Blas que cumpra coas seguintes determinacións:

Art. 87.-Chafráns: Nas parcelas en esquina de ordenanza mixta entre medianeiras, con ángulo de encontro igual ou inferior a 135° realizarase un chafrán de xeito que a liña de edificación exterior deixará libre o espazo suplementario definido en cada esquina polos aliñamentos do viario e a corda da circunferencia de 3,5 m. de radio que une dous puntos de tanxencia.

En base ao Plan Básico Autonómico:

Art. 35.- Cando a conservación de elementos catalogados entre en conflito coas novas aliñacións, primará a conservación destes elementos.

En base á Lei e ao Regulamento da lei do Solo, os artigos 79 daquel e o 192 deste, establecen a finalidade e as limitación para os que se determina a redacción dos estudos de detalle, e tamén a documentación mínima que os debe integrar.

2.- MEMORIA XUSTIFICATIVA.-

2.1- Alcance e obxecto do Estudio de Detalle

Tal como establece o artigo 79 da lei do Solo de Galicia, en desenvolvemento dos plans xerais, poderán redactarse estudos de detalle co seguinte obxectivo entre outros: Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes. Este é para o único que abrangue a redacción deste documento.

En ningún caso se altera o destino urbanístico do solo, nin se incrementa o aproveitamento urbanístico del. En canto á ocupación do solo, as alturas máximas edificables, ou intensidade de uso, tampouco se verá incrementada.

Tampouco se reduce superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, nin tampouco se prevén apertura de novas vías.

A parcela obxecto deste estudio de detalle non se reparcelará, nin se lle establece novo uso nin ordenanza.

2.2- Xustificación da necesidade do Estudio de Detalle

Tal como se expuxo en apartados anteriores, a necesidade de redactar e aprobar este documento é a de solucionar a incoherencia, ou erro de grafismo, do aliñamento do PXOM que se sitúa superposto por riba dun elemento catalogado como BIC.

Independentemente deste erro, coa proposta da nova aliñación ponse en valor o elemento etnográfico, xenerando unha zona libre axardinada ao seu carón, que o protexe en certa maneira de roces accidentais de vehículos. Tamén desta maneira, a rúa Fonte de San Blas acada nese punto no que agora hai un estreitamento, un ancho mais proporcional á volumetría de edificios, tanto á existente como á prevista.

2.3- Xustificación da normativa de aplicación

A rúa Fonte de San Blas atópase definida no PXOM de Guitiriz. O tipo de solo da parcela está na ordenanza EM, edificación mixta, na clasificación de solo urbano. A rúa conta cun ancho variable dende os 5,00 m. na esquina coa avenida de A Coruña, até os 2,80 m. no vértice do hórreo. O PXOM dá por válido o ancho existente e non propón novo ancho de vía.

En canto á tipoloxía edificatoria, é de vivenda colectiva ou unifamiliar en edificación illada ou arrimada.

As normas de volumen desta ordenanza están fixadas deste xeito:

AMR (altura máxima sobre rasante): 2 plantas (7,00 m.)

AMP (altura máxima permitida): 8,20 m.

Saínte máximo: Galerías ou balcóns cun peitoril de até 1,10 m.

Os parámetros de parcelación e ocupación son os seguintes:

Aliñacións: as definidas nos planos de ordenación

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: 8 m.

Fondo máximo edificable: 14,00 m. dende a aliñación para vivendas plurifamiliares en edificación arrimada ou entre medianeiras.

Recuamentos mínimos: En edificación illada, 3 m. a todas as extremas. En edificación arrimada, mínimo 3 m á extrema lateral libre.

Chafrán: Nas parcelas en esquina de ordenanza mixta entre medianeiras, con ángulo de encontro igual ou inferior a 135° realizarase un chafrán de xeito que a liña de edificación exterior deixará libre o espazo suplementario definido en cada esquina polos aliñamentos do viario e a corda da circunferencia de 3,5 m. de radio que une dous puntos de tanxencia.

Medianeiras: Procurarase a eliminación das medianeiras vistas, e en todo caso distinguíranse entre elas as medianeiras temporais, as permanentes e as indeterminadas.

Non se verán alteradas ditas normas de volume, así como tampouco as de parcelación nin ocupación, como tampouco os usos admitidos.

2.4- Descrición e xustificación da ordenación.

A ordenación proposta somentes pretende retirar o aliñamento da rúa fonte San Blas dende a posición actual, determinada por un muro de cachotería de granito e por un hórreo, até unha posición mais acaída para mellorar o viario e a protección do elemento etnográfico catalogado.

Polo tanto procederase á cesión e á urbanización de 45 m² mediante axardinamento, e non se alterará a rasante da vía nin a súa pendente actual.

A zona da vía pública destinada a tráfico rodado mantén o ancho existente, limitado en todo caso polo muro e polo hórreo, pero a partir dese punto, recuarase 2 m. para garantir un ancho de vía mínimo de 6,00 m. en lugar dos 4,00 m. actuais. Con esta medida recupérase na zona mais cha do terreo a posibilidade de aparcamentos, dos que carece a zona do Curro Vello, onde se sitúa a parcela.

3.- CONSIDERACIÓNS FINAIS.-


A ordenación proposta pretende revalorizar os aspectos mais positivos e destacables da parcela, como é a súa orientación e as posibilidades visuais que ofrece o hórreo situado no lindeiro. Búscase coa proposta unha mellor organización do espazo, maior permeabilidade da mazá e das circulacións e sobre todo unha posta en valor dun elemento catalogado como BIC.

A solución proposta, supón unha solución máis racional, armónica e homoxénea da parcela que se estudia, cunha considerable ganancia de calidade nas futuras vivendas. E unha solución satisfactoria e adecuada para impedir a aparición dunha rúa en embudo no encontro coa avenida de A Coruña. Con esta nova disposición tamén se produce

unha maior integración no entorno grazas a menor presenza da edificación o tratarse de menor volume de construción co que a relación co entorno é mais acorde coas escalas edificatorias da zona.

Para conseguir estes obxetivos plantexados foi fundamental un estudio concienzudo da topografía da parcela, das aliñacións e de tódalas características definitorias do terreo, co cal se acadou unha proposta coa máxima adaptación o territorio e un enriquecemento da forma de situarnos nel.

Por todo iso, o presente estudo cumpre cos requisitos establecidos no artigo 79 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, e cos artigos 192 en canto ás determinacións do estudio e 193, en canto á documentación requirida, do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 143/2016 de 22 de setembro. Estando tamén conforme co establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Guitiriz, esperando por iso alcanza-la aprobación dos Organismos correspondentes.



SUPERFICIE PARCELA NETA: 1.007 m²

SUPERFICIE PARCELA ACTUAL: 1.052 m²

— ALINEACIÓN PROPOSTA

— ALINEACIÓN PXOM

Guitiriz, 5 de xaneiro de 2023.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0027

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **2/01/2023**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **DECEMBRO** de 2022, polo importe total de **3.689,57€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 0028

POL

Anuncio

Que por Decreto de Alcaldía de data 2 de xaneiro de 2023, ditouse a seguinte resolución, aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2022, e expónse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodriguez Ónega.

R. 0029

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2022/374, de data 19 de decembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de novembro de 2022, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 19 de decembro de 2022.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0030

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2022/372, de data 19 de decembro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2022, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 19 de decembro de 2022.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0031
